

---

## ADELAIDA

Texto e ilustracións de TOMI UNGERER

Tradución de SANDRA e ÓSCAR SENRA GÓMEZ

---

Encadernado en cartonné. 20 x 28 cm. 40 páx. 15 €.

**Adelaida** (galego)

ISBN 978-84-8464-821-5. Tras os montes.

**Adelaida** (castelán)

ISBN 978-84-92608-73-7. Libros para soñar.

**Adelaide** (portugués)

ISBN 978-989-749-007-1. Livros para sonhar.



*Os pais de Adelaida sorprendéronse ao descubrir que a súa filla tiña ás. Adelaida medrou e as súas ás fixéronse moi, moi grandes.*

*Axiña aprendeu a voar...*

Aínda que Adelaida é un canguro diferente, esa cualidade que a distingue dos demais canguros non lle impide perseguir os seus sonhos, abrirse ao mundo para adquirir experiencias e facer amigos. Este clásico fabulado de Tomi Ungerer trata sobre a identidade, a formación a nivel individual -coa aprendizaxe que conleva- e a busca da felicidade.

A historia de “Adelaida” está chea de aventuras emocionantes, viaxes nas que coñece lugares interesantes e xente diversa. As circunstancias e situacións ás que se enfrenta, a suma de acertos e de erros, conformarán a súa personalidade e nunca esquecerá as súas orixes.

Tomi Ungerer sitúa os lectores ante unha serie de escenas sinxelas, suavemente coloreadas, nas que destacan a expresividade da protagonista, a súa sensibilidade pola arte e a súa valentía. Co estilo característico, o autor tamén verte doses de tenrura, humor e amor nas páxinas deste álbum.



---

■ **Temática:** autoestima, superación, busca da felicidade.

■ **Idade recomendada:** a partir de 7 anos.

■ **Aspectos destacables:** do autor e ilustrador de “Os tres bandidos” e “Crictor” (Kalandraka); aventuras; arte.

---

### Tomi Ungerer

(Estrasburgo, 1931)

O ambiente bélico dos seus primeiros debuxos reflectía o seu rexeitamento á guerra e ao fascismo. En 1956 emigrou a Nova York, onde comezou a escribir libros infantís que tiveron moito éxito. Publicou en medios importantes como The New Yorker, Esquire, Life Show ou Fortune. Xa no cumio da súa carreira durante os anos 60, Ungerer plasmou na súa obra a súa reacción contra a hipocresía e a superficialidade da sociedade americana. Mudouse a unha granxa en Canadá e a finais dos 70 trasladouse a Irlanda coa súa familia. A súa produción, que abarca catro décadas de creación, calcúlase entre 30.000 e 40.000 traballos de diferentes estilos, e máis de 120 libros. Entre outros galardóns, recibiu a Medalla de Ouro da Sociedade de Ilustradores e o Premio Hans Christian Andersen en 1998. Ao retirarse como debuxante, desenvolveu outra faceta como filántropo, volcado en causas humanitarias. <http://www.tomiungerer.com>

---

www. **kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com

---